

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O ANO 2024

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Don Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, que actúa en virtude das facultades atribuídas polo artigo 11 e seguintes da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública de acordo co seu nomeamento polo Decreto 152/2018, do 5 de decembro.

EXPOÑEN

1. Que as dúas partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co seguinte:

- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1). Así mesmo, o seu artigo 11 contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.



- A Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, cuxo artigo 3 sinala que a Academia orientará a súa actuación, entre outros fins, ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia. Así mesmo, o seu artigo 4 establece que son funcións formativas da Academia, no ámbito da formación policial, entre outras, a de elaborar programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.

2. Que as partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Respecto do sector da Administración, o Plan xeral de normalización da lingua galega recolle entre os seus obxectivos os seguintes:

- Asegurar que nas administracións autonómica e local o galego sexa a lingua habitual nas relacións internas, nas relacións entre as administracións e nas relacións coa cidadanía, respectando o dereito individual a ser atendido na outra lingua oficial.
- Incrementar o uso da lingua galega na Administración de xustiza e na Administración periférica do Estado en Galicia nas súas relacións internas e garantir a atención á cidadanía en galego.

3. Que ambas as partes recoñecen reciprocamente as súas competencias e, conforme o exposto, acordan subscribir este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) para a realización de actividades de formación en lingua galega dirixidas ás distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como dos demais profesionais que traballan na seguridade pública dentro da comunidade autónoma (Unidade de Policía Adscrita de Galicia, Garda Civil e Policía Nacional).



Segunda. Actividades

As actividades de formación que se realizarán ao abeiro deste convenio consisten no desenvolvemento dos seguintes cursos, que se impartirán na modalidade de formación en liña:

- 2 cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio
- 1 curso de linguaxe administrativa galega de nivel superior

Terceira. Duración, contido e avaliación dos cursos

Os cursos deberán axustarse ao establecido na Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24.6.2011; corrección de erros no DOG núm. 223, do 22.11.2011).

Cada curso en liña terá unha duración en tempo de traballo estimado de 75 horas.

Os contidos que se impartirán serán os recollidos nos respectivos programas docentes detallados nos anexos da citada orde.

O sistema de avaliación basearase no principio de avaliación continua. En todo caso, o alumnado deberá realizar as prácticas e tarefas propostas, así como unha proba final, que constará dunha parte escrita e dunha parte oral.

Tras o remate do curso, o profesorado (ou titores/as) deberá achegarlle á Secretaría Xeral da Lingua a valoración das prácticas e tarefas propostas, así como as actas dos cursos e as probas finais corrixidas.

Cuarta. Certificación dos cursos

O alumnado que supere o curso recibirá o correspondente certificado ou diploma, que emitirá a Secretaría Xeral da Lingua, e para o cal a Agasp lle facilitará a esta os datos do alumnado que sexan necesarios, así como outros que poidan precisarse en relación co desenvolvemento dos cursos.

Quinta. Selección do alumnado

Correspóndelle á Agasp realizar a selección do alumnado de cada curso segundo os seus propios criterios de selección e a oferta de prazas dispoñibles.

En todo caso, para acceder ao curso de nivel medio é necesario contar co Celga 4 ou nivel de perfeccionamento de lingua galega, ou ben co curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria.



Para acceder ao curso de nivel superior, cómpre contar co curso medio de linguaxe administrativa galega, o curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes recollidos no punto 2.º do artigo 5 da Orde do 13 de xuño de 2011.

O número de participantes en cada curso non poderá ser superior a 25. No caso de que resulten prazas vacantes, estas ofreceránselle a quen non obtivese praza na selección inicial e figure na listaxe de agarda. A Agasp determinará o número mínimo de participantes que, de non alcanzarse, podería implicar a suspensión do curso.

Sexta. Profesorado

A Consellería, por proposta da Secretaría Xeral da Lingua, designará o profesorado (ou titores/as) encargado de impartir os cursos de entre as persoas que se atopan en situación de execución das sentenzas que declaran a súa condición de persoal laboral indefinido non fixo para traballos fixos discontinuos, na categoría 40 do grupo I, titulado superior lingüista, da Xunta de Galicia.

A Consellería realizará todos os trámites legais necesarios para a súa incorporación e, por necesidades do servizo, adoptará todas aquelas medidas que a execución deste implique.

Sétima. Financiamento

O financiamento dos cursos correspóndelle integramente á Agasp, o que inclúe os gastos do profesorado e os de coordinación, así como calquera outro que puidese derivarse da súa realización.

O custo por docente/curso estímase en 5.181,97 euros, sen prexuízo dos incrementos retributivos que puidesen aprobarse anualmente. O custo por coordinación/curso é de 350 euros. Tendo en conta que se impartirán tres cursos, o custo total do profesorado é de 15.545,91 euros e o da coordinación é de 1.050 euros. Ambas as contías suman 16.595,91 euros, que é o importe total correspondente a este convenio, que será financiado pola Agasp con cargo á aplicación 05.81.212A.226.17 (código de proxecto 2015 0001) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Consellería encargárase da xestión dos gastos do profesorado dos tres cursos financiados pola Agasp, para o que se tramitará unha modificación orzamentaria polo dito importe de 15.545,91 euros.

En canto aos gastos da coordinación, a Agasp aboaralle directamente á persoa que exerza esta función –que será designada pola Secretaría Xeral da Lingua– o importe correspondente.



Oitava. Difusión da colaboración

Nas actuacións informativas e divulgativas relacionadas coas actividades previstas neste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración entre as partes e utilizaranse, cando proceda, os seus logotipos. Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena. Utilización da lingua galega

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio efectuaranse de conformidade coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, respectarase a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Décima. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento das actividades previstas neste convenio, que estará composta pola titular e mais outra persoa da Subdirección Xeral de Política Lingüística e pola titular e mais outra persoa da unidade encargada da formación na Agasp. Ademais, poderá estar asistida polo persoal técnico necesario.

A comisión, que estará presidida pola titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, estará facultada para resolver as dúbidas que poidan xurdir na execución do convenio. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira. Comisión de avaliación

Constituirase unha comisión de avaliación para estudar as reclamacións presentadas respecto das cualificacións outorgadas nos cursos e para resolver as incidencias que poidan xurdir en relación coa súa impartición. Esta comisión, que estará formada pola titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, a persoa encargada da coordinación dos cursos e dúas persoas expertas da Secretaría Xeral da Lingua, emitirá un informe que servirá de base para a resolución das reclamacións.

Décimo segunda. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e mais o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Terase en conta o sinalado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal os colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, quen represente un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e o persoal empregado das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de persoal empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou de persoa xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación do convenio respectaranse as esixencias do Regulamento xeral de protección de datos –Regulamento (UE) 2016/679– e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse as medidas necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



Décimo quinta. Administración dixital

As partes respectarán as esixencias que establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén será aplicable aos cidadáns e cidadás, que teñen o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, deberán utilizar os sistemas de identificación e sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

Décimo sexta. Natureza xurídica

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, así como polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

Décimo sétima. Vixencia

A vixencia deste convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, agás que sexa denunciado, por escrito, por algunha das partes por incumprimento dos compromisos nel recollidos, polo menos cun mes de antelación.

Ao estaren as partes conformes co estipulado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua
e Xuventude

José López Campos

O director xeral da Academia Galega de
Seguridade Pública

Santiago Villanueva Álvarez

